

O Buzón Rebelde

ORGANO DE DIFUSIÓN DA CGT CORREOS –A CORUÑA

do CTA

cgtcorreosacorunha @gmail.com telefono: 674 070 105 RICO 83230



AS GARDAS OBRIGATORIAS DE SÁBADO ENTRAN EN SUSPENSO

Case dous anos despois de recuperar a convocatoria de folga nos sábados de CGT e logo de dúcias de denuncias presentadas polas diferentes seccións de CGT nas provincias con USE e CTAs nas últimas semanas.

Por fin, Correos anunciou na mesa de negociación do 18 de febreiro (con presenza de CGT) que se “suspenden” as gardas obrigatorias de sábado nos CTAs desde o mes de marzo. A partir de ese momento faríanse estas gardas con persoal “voluntario” e con “contratación”.

É unha boa noticia non exenta de perigos e sombras que vos queremos trasladar.



A PARTIR DEL 13 DE JULIO: HUELGA GENERAL DE SÁBADOS

A l@s trabaxador@s se nos ha acabado la paciencia
NO QUEREMOS SÁBADOS, SECUNDEMOS TOD@S LA
HUELGA, CERREMOS NUESTRAS SUCURSALES,
PABELLONES Y UNIDADES.



| convoca cgt correos federal |



• 5, 12, 19 y 26
• de diciembre
•
Secunda la huelga
indefinida de sábados
de CGT

| Dejemos a Correos
sin trabajadores/as
para que se piensen
lo de los sábados |



Parabéns á xente que leva anos loitando por este dereito seguindo a nosa folga

Outros temas no interior:

- 15 de 17 traslados do CTA son de media xornada, aumento da precariedade.
- Por que o premio Atenea non se entregou a todo o mundo?
- Volvemos gañar a nocturnidade en vacacións!

GARDAS SÁBADOS OBRIGATORIAS (POR FIN) SUSPENDIDAS

Desde CGT valoramos isto como un enorme paso adiante. Paso que non se tería dado sen anos de loitas do persoal para rematar coa inxustiza (e ilegalidade) que supoñía o mantemento da garda obrigatoria dos sábados nalgunhas quendas.

Non era sen tempo. Correos anunciou hoxe 18/ 2/2021 que se paralizaban as gardas de sábados nas USES desde o 20 de febreiro e no CTA "a partir de marzo". Unha medida que chega con un gran retraso despois da fraude do acordo plurianual de Correos cos sindicatos "habituais" que fou unha inmensa trampa que retrasou a fin dos sábados 2 anos e medio. E logo dalgún que outro ridículo xudicial sindical, tentando probar un conflito colectivo con un par de casos de Murcia.

É importante lembrar hoxe que desde fai case máis de 10 anos CGT leva esta reivindicación na súa táboa de propostas ao convenio. Lembrar que a folga da CGT xa existía ANTES de que se eliminaran os sábados en reparto no 2011 e é bo lembrar que nos últimos 19 meses tense dado un paso adiante importante nesta folga, **co masivo seguimento da mesma no pasado mes de decembro de 2020 en provincias como Madrid ou Barcelona.**

Por outra banda é bo indicar que nas últimas semanas desde CGT temos presentado denuncias na inspección de traballo por incumprimento dos descansos en sábados naquelas provincias onde se mantiñan nas USES e no CTA.

Esta camiño non remata aquí, nin moito menos. **Existe o perigo real de que Correos volva a recuperar estas gardas obrigatorias sobre todo se Correos e o resto de OOSS "amarelas" conseguen que se nos inclúa no RD de Jornadas Especial.** Decreto que habilitaría a Correos a NON RESPETAR o descanso entre xornadas de 12 horas e a non respetar o descanso semanal de 48 horas.

Desde CGT afirmamos e nos ratificamos na nosa clara oposición a esta reivindicación de inclusión claramente negativa para os dereitos laborais do persoal.

Outras dúbidas que nos xera esta noticia é sobre o respecto de **como se escolleran as persoas "voluntarias" que traballen eses sábados**, sobre todo tendo en conta que (algo tamén xa denunciado por nos) na actual situación pandémica Correos NON pode misturar as quendas e ten que seguir cumprindo cos descansos obrigatorios.

Unha grande noticia que chega 2 anos tarde, logo do retraso ocasionado pola fraude do "acordo plurianual" que xa denunciamos que era unha cortina de fume

 Sindicato Federal de Correos e Telégrafos CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO Sindicato Provincial de Correos de A Coruña 2ª Planta Edificio Xefatura Provincial de Correos, 15080 A Coruña Tlfes: 981.223.496. Rico: 83230. Móvil: 609381811 Mail: cgtcorreosacorunha@gmail.com	
EMPRESA	S.A.E CORREOS Y TELEGRÁFOS EN LA PROVINCIA DE A CORUÑA
	Varios centros de trabajo
	USE A CORUÑA (CALLE SARDIÑEIRA s/n A CORUÑA) USE SANTIAGO COMPOSTELA (Rúa do Franco s/n Santiago Compostela) CTA LABACOLLA-SANTIAGO COMPOSTELA Ctra. Santiago al Aeropuerto, km 11 - Lugar de Noval, 15820, Santiago de Compostela
ASUNTO	INCUMPLIMIENTO DESCANSOS DIARIO Y SEMANAL EN TURNOS DE SÁBADO
INSPECCION PROVINCIAL DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL DE A CORUÑA	
Don Xan Jove González, con DNI 4689758f, delegado sindical del Sección Sindical en la provincia de A Coruña del Sindicato Federal de Correos y Telégrafos de	
Denuncia ante a inspección de traballo da Coruña por incumprimento dos descansos semanais e de fin de semana	

Entendemos que a solución máis acaída sería a contratación de persoal que cubrira esta xornada de traballo.

Un paso adiante para chegar á reivindicación de CGT: Traballo de luns a venres 35 horas!



Ti es das que NON recibiche a "tarxeta regalo" polo premio Atenea 2019?

No pasado mes de decembro de 2020 foron entregadas **as tarxetas "agasallo" de 200 euros** ao persoal polo outorgamento do Premio Atenea 2019. O persoal persoal que debería recibir esas tarxetas era o que que cumpría estes requisitos:

Los regalos corporativos personales se concederán a todos aquellos empleados que, siendo trabajadores en activo de Correos en el momento de la entrega de los mismos, hayan permanecido como trabajador efectivo de la unidad equipo ganador al menos diez meses en el caso del personal fijo (laboral y funcionario) y 6 meses en el caso de los eventuales,

tanto para contratosa tiempo completo como a tiempo parcial, en el periodo comprendido entre el 1 de enero de 2019 y el 31 de diciembre de 2019,

Desde CGT temos coñecemento de que isto non foi así. Temos coñecemento concreto de persoas ás que non se lle foi entregada E xa levamos dous meses agardando que se amañe. Teremos que acudir aos tribunais a reclamar esas cantidades?



Campaña pola inclusión do persoal de Correos no EBEP

É de xustiza. No ano 2007 aprobouse unha normativa, chamada Estatuto Básico do Empregado público (EBEP) que buscaba unificar as normas laborais do persoal público ao servizo das institucións públicas en materia de permisos, dereitos, etc...

Aquel texto (pactado con algúns sindicatos) recollía especificamente no artigo 5 a expulsión do persoal de Correos dese estatuto:

Artículo 5. Personal de la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos. El personal funcionario de la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos se regirá por sus normas específicas (...).

Recentemente foi publicada a noticia de que o goberno do estado pretende modificar o EBEP, e desde a CGT pensamos que é unha grande oportunidade para amañar esta aldraxe que xa leva 14 anos.

Para elo **estamos recollendo sinaturas nos centros de traballo** e tivemos recentemente unha xuntanza no Congreso dos Deputados/as con un deputado da Comisión da Función Pública do Congreso, onde trasladamos a nosa solicitude de ingreso do persoal.

Estatuto Básico del Empleado Público
Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre

Volvimos gañar o cobro da nocturnidade, e xa van 6 anos desde que nos dicían aquilo de que "era imposible".

Si, fai 6 anos a CGT, en solitario, defendimos que os pluses da nocturnidade tamén se tiñan que cobrar en vacacións. É bon lembrar que daquela chamáronnos, tol@s, mintireir@s... etc.

Pois como cada ano volvimos gañar nunha recente sentenza, e a nosa xente, por 6º ano consecutivo, volverá cobrar estes pluses negados á maioría do persoal polas cláusulas pactadas por CCOO-UGT-SL e CSIF no III convenio colectivo.

Esta porta que abriu CGT está servindo para que caladamente persoas de outras OOS que daquela clamaban que "era imposible" tamén o poidan cobrar. Aledámonos de que o tempo nos dera a razón en beneficio do colectivo, interese principal de CGT.



Estamos recollendo as nóminas de 2020. Se queres unirse á demanda, contacta con nos!

Aumenta máis e máis a precariedade no CTA

Uns días despois da resolución do último concurso de traslados de febreiro de 2021 as traballadoras e traballadores vemos con preocupación a tendencia á precariedade laboral á que Correos nos condena.

Ollamos indignadas como a oferta de prazas a xornada completa é raquítica mentres que os postos a xornada parcial proliferan.

Hai xa anos comezaron a abundar os postos a xornada parcial na contratación de eventuais, desde entón representan o maior volume de contratación e seguen a artellar outros modelos de eventualidade no que se denomina “contratos de fin de semana”.

Contratos que destacan por implicar que as persoas traballadoras perciban un salario moi axustado para cubrir as necesidades básicas vitais e por uns ritmos de traballo moito mais apurados e de traballo a oito.

Os contratos a tempo parcial e os contratos de fin de semana e festivos estenderonse ás prazas de persoal laboral fixo ofertadas para consolidación e, xa na

última convocatoria de un grande número de prazas foron de estas características. Prazas precarias fixas.

Esta raquílica convocatoria inzada de contratos a tempo parcial tamén deu lugar a que persoas que participaron de este último concurso estando fora da súa provincia a xornada completa, renunciaran a esta a cambio de unha xornada parcial perto do seu fogar.

É moi claro que todo está relacionado e que cada precarización dos nosos postos de traballo é precedente da seguinte precarización.

Consideramos moi importante que sexamos conscientes dos pasos que dá Correos en contra dos dereitos laborais, do que é un posto de traballo digno e un salario suficiente para vivir.

É crucial que tomemos parte na loita como colectivo para botar abaixo estas condicións laborais indignas e para recuperar e gañar os nosos dereitos sen esquecer a recuperación do servizo postal público e de calidade.

!!15 de 17 postos da última adjudicación de traslados ao CTA noso eran de xornada parcial!!

Supón o 80% de todos os postos precarios de clasificación adjudicados en todo o estado!!!!

Na bolsa de contratación eventual, outro record de precariedade: 245 prazas a tempo parcial e fins de semana e só unha cuarta parte (70 a tempo completo)

Vimos de subir a segunda parte do tema 7 do noso TEMARIO SOLIDARIO LIBRE E GRATUITO.

Négate a pasar polo aro das academias sindicais sacacuartos!

O CTA traballará os produtos de Correos Exprés.

Así no lo trasladaron nunha xuntanza recente. Seguiremos informando

Correos: Por unha banda fala de “record” de paquetes no 2020 ante a prensa... e pola outra prevé perdas millonarias nas xuntanzas do plan estratéxico. Esquizofrenia ou cinismo?

Desde CGT solicitaremos a dirección que póna en marcha as xuntanzas “Kaizen” entre o persoal e as xefaturas.

Estas xuntanzas levan tempo producíndose noutros centros de tratamento automatizado.



Por un Correos transparente e digno: Únete á CGT!